



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Bases específicas do proceso selectivo dirixido á creación dunha bolsa de traballo na categoría de oficial 2.ª para o Grupo Municipal de Emerxencias Supramunicipal (GES) da zona de Eume e Ferrol, con sede en Mugardos

A N U N C I O

BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO DIRIXIDO Á CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO NA CATEGORÍA DE OFICIAL 2.ª PARA O GRUPO MUNICIPAL DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) DA ZONA DE EUME E FERROL, CON SEDE EN MUGARDOS

Pola Resolución da Alcaldía núm. 330/2022, do 12.04.2022, acordouse efectuar convocatoria do proceso selectivo de referencia e prestar aprobación ás bases que rexerán o mesmo, cuxo texto se transcribe de seguido:

“BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO DIRIXIDO Á CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO NA CATEGORÍA DE OFICIAL 2.ª PARA O GRUPO MUNICIPAL DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) DA ZONA DE EUME E FERROL, CON SEDE EN MUGARDOS

Primeira.–Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de selección para a creación dunha bolsa de traballo que sirva para a cobertura, mediante a contratación laboral temporal, das ausencias que se produzan nos postos de Oficial de 2.ª do grupo de emerxencias supramunicipal.

O procedemento regulado nestas bases será a única vía de selección de persoal de carácter temporal dentro do perfil profesional sinalado.

Segunda.–Supostos de aplicación.

Os postos vacantes que poderán ser cubertos mediante un/unha candidato/candidata que formen parte da bolsa de traballo será aqueles que se produzan como consecuencia dalgún dos supostos seguintes:

- Substitución transitoria dos titulares nos casos en que estean en situación de excedencia ou suspensión de contrato, así como baixas por incapacidade temporal. Contrato temporal de interinidade.
- Exceso ou acumulación de tarefas na actividade normal do servizo. Duración máxima do contrato: seis meses dentro dun período de 12, contados dende o momento no que se produzan as ditas causas. Contrato eventual por circunstancias da produción.

O contrato de interinidade extinguirase:

- Pola reincorporación do traballador.
- Por finalización da causa que o orixinou.
- Por calquera outra causa que finalice a relación laboral do substituto.

En todo caso os contratos extinguiranse transcorrido o prazo máximo improrrogable de dous anos.

O contrato eventual por circunstancias da produción extinguirase no prazo acordado, non podendo exceder este de seis meses.

Terceira.–Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que apróbase o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

– Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Cuarta.–Condicións laborais.

O salario a percibir será o marcado no artigo do Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Mugaros para o grupo oficial 2.^a GES coas actualizacións da Lei de Orzamentos Xerais do Estado e normativa equivalente.

A xornada de traballo será de 40 horas semanais.

De resultar necesaria a modificación da xornada de traballo, esta farase sempre previo informe favorable do responsable do servizo no que quede constancia daquelas circunstancias que o xustifican. O Concello respectará os trámites previstos no artigo 41.3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. O horario da xornada fixarase polo responsable do servizo.

Quinta.–Requisitos que deben cumprir os aspirantes.

Para ser admitidos á realización das probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos ao último día de prazo de presentación de instancias e mantelos ata o momento da formalización do correspondente contrato de traballo:

1. Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar nestas probas os nacionais doutros Estados nos termos do artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

2. Non padecer nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das correspondentes funcións.

3. Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

4. Non ter sido separado do servizo ou despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos Órganos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

5. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

6. Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, graduado escolar ou equivalentes aos efectos laborais (O certificado de escolaridade considérase equivalente ó graduado escolar segundo Orde ECD/1417/2012, do 20 de xuño pola que se establece a equivalencia do certificado de escolaridade e doutros estudos co título de graduado escolar regulado na Lei 14/1970, do 4 de agosto, Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa, para efectos laborais); para titulacións obtidas no estranxeiro, deberá aportarse o documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.

7. Estar en posesión do permiso de conducir tipo C.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do/a interesado/a, deberá propoñer á alcalde-presidente da Corporación a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Sexta.–Solicitudes e lista de admitidos.

No prazo de DEZ días naturais dende o día seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia, as persoas interesadas poderán presentar a súa solicitude en modelo normalizado conforme o ANEXO I, xa sexa de forma manuscrita ou dixitalmente, pola persoa interesada, ou polo seu representante legal:

a) O medio preferente de presentación de solicitudes será a través da sede electrónica do Concello de Mugaros (<https://mugaros.sedelectronica.gal/>). Cando a presentación se realice a través da sede electrónica os arquivos que se anexen deberán ser, preferentemente en formato pdf e reducir ao máximo o número de arquivos anexados. A presentación de solicitudes poderá facerse tamén no Rexistro Xeral do Concello de Mugaros, ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso os/as aspirantes deberán comunicalo mediante telegrama, telefax ou ao enderezo electrónico: correo@mugaros.gal durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública.

A publicación do resto de actuacións do proceso selectivo farase a través do taboleiro de anuncios do Concello así como na sede electrónica: <https://mugaros.sedelectronica.gal>

A solicitude acompañarase a seguinte documentación:

- Coa solicitude acompañarase xustificante acreditativo de ter ingresado na conta corrente ES98-2080-0205-7331-1000-0032 ABANCA, a cantidade de 10 euros (artigo 4. Cuota tributaria, epígrafe 5.2 Dereitos de examen. Ordenanza Fiscal núm. 9, reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos). Estarán exentos do pago dos dereitos de exame as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente) e para aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas nas que solicite a súa participación (para o que deberá presentar a certificación xustificativa expedida polo Servizo Público de Emprego correspondente).
- Documento Nacional de Identidade ou documento equivalente.
- Informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral de la Seguridade Social, con expresión do grupo de cotización e dos períodos cotizados (no caso de que se alegue experiencia laboral)
- Acreditación da experiencia profesional como persoal dos GES, protección civil ou en praza ou posto de igual contido no ámbito da administración pública: Certificación expedida pola Secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal onde constarán os seguintes datos:
 - o Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara
 - o Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración. Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado haberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.
- Acreditación de cursos, seminarios, congresos, xornadas e titulacións oficiais en materia de emerxencias e protección civil: Documentos oficiais que os acrediten.
- Título de CELGA 3 ou superior (de non constar na solicitude, o aspirante deberá acreditar o coñecemento da lingua galega na forma prevista nestas bases).
- Título académico a que se refire a cláusula quinta.
- Permiso habilitante para conducir de tipo C.
 - Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
 - Informe médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións a levar a cabo respecto da praza á que se pretende optar. Se o concello considera que o informe médico aportado non é o suficientemente claro para determinar si se pode desempeña-lo posto de traballo obxecto da convocatoria, entón o/a aspirante deberá pasar unha revisión médica na mutua que estableza o concello, correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión.

As solicitudes presentadas deberán incorporar a documentación orixinal ou en copia autenticada. Se a solicitude faise de xeito presencial nas oficinas de asistencia en materia de rexistros das Administracións Públicas, o funcionario de Rexistro procederá á expedición dunha copia electrónica auténtica da documentación orixinal ou copia autenticada aportada nos termos previstos nos artigos 16.5 e 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Unha vez dixitalizada, será devolta instantaneamente ao aspirante.

De presentarse por medio de correo postal estarase ao previsto no artigo 31 do Real Decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenrolo do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do Servizo Postal Universal e de Liberalización dos Servizos Postais.

A participación neste proceso implica a aceptación íntegra destas bases con autorización expresa para o tratamento dos datos persoais, incluída a publicación de resultados, para os fins que pretende esta bolsa.

Se en calquera momento do proceso selectivo se constata que o aspirante incorreu en falsidade na documentación aportada ou na declaración na que asegura estar en posesión de determinada documentación, o órgano competente procederá a excluílo do proceso selectivo.

Sétima.-Tribunal Cualificador.

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo alcalde respectando o disposto no artigo 60 do Real Decreto 5/2015 e a Lei galega 2/2015 de emprego público de Galicia.

Estará constituído polo presidente, e catro vogais -o primeiro dos cales actuará como Secretario- de entre funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, debendo designarse o mesmo número de suplentes. A composición do Tribunal cualificador publicarase no momento de aprobación da relación provisional admitidos.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior no prazo de dez días desde a publicación da súa composición.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario ou dos seus substitutos.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para vulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto, excepto o Secretario, que únicamente actuará con voz.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu presidente.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

Ós efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Contra os actos e decisións do Tribunal Cualificador incluídas as peticións para a revisión de exames, cualificacións e impugnación de probas, cabe interpoñer recurso de alzada ante o Sr. alcalde sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

Oitava.-Admitidos/as e excluídos/as.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as que serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello así como na sede electrónica: <https://mugardos.sedelectronica.gal>

Acto seguido, concederase un prazo de tres días para a presentación de reclamacións.

A continuación, unha vez examinadas as reclamacións presentadas, a Alcaldía ditará resolución aprobando as listas definitivas de admitidos e excluídos, que serán publicadas do mesmo xeito que as provisionais e determinará a data na que deberá constituírse o Tribunal cualificador así como a data de realización do primeiro exercicio.

Novena.-Proceso selectivo.

O proceso para seleccionar aos aspirantes a integrar a bolsa de traballo será o de concurso-oposición.

1. Fase de concurso de méritos. Non eliminatoria. Máximo 10 puntos.

Previo á fase de oposición avalíaranse os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes nas súas respectivas solicitudes de participación. Os puntos obtidos na fase de concurso non poderán ser aplicados para superar os exercicios da fase de oposición.

1. Méritos profesionais (máximo 6 puntos).

a) Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como persoal dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais nos últimos catro anos: 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos.

b) Por cada mes completo prestando, nos últimos catro anos, servizos operativos de intervención directa en emerxencias, accidentes, incendio, e outras labores de salvamento, no ámbito da protección civil municipal ou Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de carácter público. 0,10 puntos, ata un máximo de 2,5 puntos.

c) Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas nos últimos catro anos en postos de traballo semellantes aos que se convocan. 0,10 puntos por cada mes completo ata un máximo de 0,5 puntos.

A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo menores aos sinalados.

2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas (máximo 2 puntos).

Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública):

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso. Aos efectos da súa valoración os títulos ou documentación acreditativa deberán indicar o contido dos cursos, seminarios, congresos, xornadas.

3. Titulacións oficiais en materia de emerxencias e protección civil (máximo 2 puntos).

Por estar en posesión do Título de Técnico en emerxencias e protección civil, ou do Título de Técnico Superior en Coordinación de Emerxencias e Protección Civil: 1,00 punto cada titulación.

2. Fase de oposición. Obrigatoria. Máximo 20 puntos.

Será posterior á fase de concurso e constará de tres exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio.

PRIMEIRO EXERCICIO (20 puntos). De carácter eliminatorio e consistirá en contestar por escrito nun período máximo de 60 minutos a un cuestionario tipo test de 50 preguntas con respostas alternativas nas que so unha é a correcta baseadas no contido do programa da convocatoria.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 20 puntos sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos.

O Tribunal poderá establecer preguntas de reserva que substituirán pola mesma orde ás preguntas que, no seu caso, fosen anuladas. Sistema de avaliación: Cada pregunta respondida de forma correcta puntuarase con 0,4 puntos. Pola súa banda, as respostas erróneas restarán 0,1 puntos. Non se contabilizarán como erros as preguntas non contestadas.

Proba de coñecemento da lingua galega: de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto proposto previamente polo tribunal, do castelán ao galego, ou do galego ao castelán, nun tempo máximo de media hora.

Esta proba cualificarase como APTO ou NON APTO. Estarán exentos de realizar este exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o CELGA 3, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG n.º 146, do 30 de xullo de 2007

Décima.–Comenzo e desenvolvemento das probas.

1.–A data e hora na que deberá constituírse o Tribunal Cualificador aos efectos de valoración do concurso e elaboración das probas será determinada por resolución da Alcaldía, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a data da celebración das probas da fase de oposición, publicándose no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Mugaros.

2.–Os/as aspirantes serán convocados para as probas en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os/as opositores que non compareceran a realizalas, salvo os casos debidamente xustificadas que serán resoltos motivadamente polo Tribunal Cualificador.

3.–Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal Cualificador

4.–En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos/as opositores para que acrediten a súa identidade. Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal Cualificador que algún dos/as aspirantes non

posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do/a interesado/a, deberá propoñer ó Sr. alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas ós efectos procedentes.

5.–A orde de actuación dos/das aspirantes naqueles exercicios que non poidan facerse de xeito simultáneo iniciárase de conformidade co resultado do sorteo ó que se refire o Regulamento de Selección de Persoal da Administración da Comunidade Autónoma; dita orde de actuación empezará por aqueles nos que o primeiro apelido empece pola letra “Y” (DOG número 24 de 5 de febreiro de 2021).

6.–Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o Tribunal fará pública, no Taboleiro de Anuncios, a relación de aspirantes que o superaran con indicación da puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos.

Undécima.–Relación de aprobados/as.

Unha vez establecida a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal Cualificador fará pública, no Taboleiro de Edictos do Concello e na súa sede electrónica, a relación de aspirantes que superasen ó proceso selectivo con expresión da puntuación desglosada obtida en cada un dos exercicios e na fase de concurso.

A orde dos/as aspirantes aprobados/as establecerase de maior a menor puntuación final. Establécense os seguintes criterios de desempate que deberán aplicarse pola orde na que se enuncian:

- a) Darase prioridade os/as que obteñan maior puntuación na fase de oposición.
- b) De persistir o empate, resolverase atendendo á maior puntuación no apartado de méritos profesionais.
- c) De seguir existindo empate, resolverase atendendo á maior puntuación obtida no apartado de cursos.

Seguidamente o Tribunal de selección elevará a dita relación, xunto coas actas dos procesos selectivos, á Alcaldía co obxecto de proceder á formación da correspondentes bolsa de traballo.

Duodécima.–Formación da bolsa de traballo.

Os/as aspirantes que superasen o proceso selectivo presentarán dentro do prazo de tres días hábiles contados a partir da publicación do resultado da selección e en todo caso, previo a firma do correspondente contrato, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos na convocatoria e que non presentasen xunto coa solicitude

Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán formar parte da bolsa de traballo, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Unha vez transcorrido dito prazo a Alcaldía ditará unha resolución constituíndo a bolsa de emprego pola orde de puntuación obtida no proceso selectivo.

Décimo terceira.–Funcionamento da bolsa de traballo.

A. Chamamento dos/das aspirantes

Cando as necesidades do servizo así o requiran e, en calquera dos supostos aos que se refiren estas bases, procederase ao chamamento telefónico de candidatos/as da bolsa de traballo, segundo as seguintes regras:

O/a aspirante chamado disporá, como regra xeral, dun día hábil dende a recepción para aceptar ou rexeitar a oferta. En caso de rexeitar a oferta, o/a candidato/a deberá acreditar motivos xustificadas que imposibiliten a aceptación para manterse na bolsa.

Consideraranse motivos xustificadas:

- a) Enfermidade do/a candidato/a que lle impida o desenvolvemento do posto de traballo, sempre que sexan debidamente acreditadas mediante certificado médico.
- b) Maternidade ou paternidade, dentro do período legalmente establecido para o disfrute do permiso debido a dita situación.
- c) As contratacións noutra empresa ou administración.
- d) Alta no réxime de autónomos.
- e) Circunstancias persoais graves, que sexan debidamente acreditadas, non previsibles, que tiveran lugar nun período non superior a tres días hábiles anteriores á data na que realizase a oferta ou prodúcese a incorporación.

De non ser localizado/a o/a primeiro/a candidato/a dispoñible da lista procederase a chamar aos/as seguintes candidato/as. Nestes casos, a falta de contestación telefónica dun/dunha candidato/a da lista para a súa incorporación non será considerada como renuncia, conservando a súa posición na bolsa para futuros chamamentos.

B. Suspensión de chamamentos

Aqueles aspirantes que se atopan nalgunha das situacións que constitúen motivos xustificadas para non aceptar chamamentos poderán solicitar a súa suspensión temporal.

A solicitude irá acompañada da documentación xustificativa da concorrencia da situación que proceda. Mentres se manteña a suspensión, os aspirantes non serán chamados para a súa contratación pero conservarán a súa posición na bolsa de emprego.

A suspensión será levantada cando o/a aspirante comunique o cese da situación que a motivou.

C. Causas de exclusión das bolsas de traballo

A exclusión dun/dunha aspirante da bolsa de traballo producirase por algunha das seguintes causas:

- a) Solicitude expresa.
- b) Rexeitamento do nomeamento adecuado por causa non xustificada.
- c) Falta de incorporación ao seu posto de traballo trala aceptación da oferta por causa non xustificada, excepto o rexeitamento a un chamamento efectuado polo trámite de urxencia.
- d) Non superación do período de proba.
- e) Por ser sancionado/a, con carácter firme, por unha falta tipificada como grave ou moi grave.
- f) Por haber sido contrato con cargo a esta bolsa durante o período máximo previsto na base segunda.

Décimo cuarta.-Reapertura extraordinaria da bolsa de traballo.

Naqueles casos nos que non exista dispoñible ningún aspirante para atender a posibles chamamentos, e previa publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da entidade, o Concello poderá reabrir a bolsa de traballo co obxecto de:

- a) Permitir a incorporación de novos aspirantes previa celebración e superación do correspondente proceso selectivo.
- b) Permitir que aos/as actuais bolseiros/as poidan actualizar os méritos alegados na fase de concurso.

Este novo proceso seguirá as mesmas regras previstas nestas bases. Finalizado o mesmo, a orde de colocación dos/as bolseiras será debidamente actualizada atendendo á puntuación vixente acadada por cada un deles nos procesos selectivos con independencia da data na que se incorporasen á bolsa de traballo.

Décimo quinta.-Curso de formación.

Unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os admitidos realizarán un curso de carácter teórico-práctico que se impartirá pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). A participación neste curso poderá excepcionarse no caso de que o candidato conte co ciclo de formación de grado medio de técnico en emerxencias e protección civil ou certificado de profesionalidade de extinción de incendios e salvamento.

DATOS XERAIS DO CURSO

1. Familia profesional: Seguridade e Medio Ambiente. Área Profesional: Protección Civil.
2. Denominación do curso: INTERVENCIÓN EN EMERXENCIA.
3. Código:
4. Tipo de curso: ESPECÍFICO.
5. Obxectivo xeral: Formación do persoal dos grupos de emerxencia supramunicipal para o exercicio da súa actividade laboral de intervención en incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, situacións derivadas de riscos naturais e calquera outra tarefa en materia de protección civil e emerxencias.
6. Requisitos do profesorado:
 - 6.1. Nivel académico: titulación universitaria (preferentemente...) na súa falta, capacitación profesional equivalente na ocupación relacionado co curso.
 - 6.2. Experiencia profesional: Deberá ter 2 anos de experiencia na ocupación.
 - 6.3. Nivel pedagóxico: Formación metodolóxica, ou ben experiencia docente.
7. Requisitos de acceso do alumno:
 - 7.1. Nivel académico ou de coñecementos xerais:

* Estar en posesión de polo menos o título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou titulación equivalente.

* Estar en posesión do carné de conducir da clase C.

7.2. Nivel profesional ou técnico: * Non se require.

7.3. Condicións físicas: Condicións físicas: carencia de afeccións, integridade física, resistencia física, forza, destreza manual, coordinación visión motora, rapidez de reflexos. "Aquelas que non impidan o normal desenvolvemento da profesión".

8. Número de alumnos: 12 alumnos por edición, sen prexuízo de que por razóns operativas poida superarse este número ao realizar conxuntamente a formación de varios GES.

9. Relación secuencial de módulos formativos:

- INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS (28 horas).
- INCENDIOS FORESTAIS (14 horas).
- ACCIDENTES DE TRÁFICO (21 horas).
- PRIMEIROS AUXILIOS (7 horas).

10. Duración: prácticas: 50 horas. Contidos teóricos: 20 horas. Tota: 70 horas. Dúas semanas en sesións de 7 horas/diarias de luns a venres.

11. Equipo, material.

- Equipo e maquinaria:
- Dotación completa de medios de protección contra incendios de tipo manual(extintores, mangueras, batelumes, antorchas de goteo).
- Paneis sinópticos explicativos do funcionamento do sistema de detección de incendios, alarma e extinción automática.
- Radio transmisores.
- Equipo de primeiros auxilios.
- Equipo portátil de bombeo.
- Grupos electrógenos.
- Autobombas urbana e forestal.
- Equipo de corte en frío (cizallas, radiais, etc).

11.2. Material de consumo:

- Folios.
- Cadernos.
- Bolígrafos.
- Lapis.

11.3 Material didáctico.

- Manual básico do curso.
- Caderniño de ponencias.

11.4. Elementos de protección. No desenvolvemento das prácticas utilizaranse os medios necesarios de seguridade e saúde laboral e observaranse as normas legais ao respecto.

Os datos específicos do curso poden atoparse no Convenio de Colaboración asinado pola Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais de A Coruña e Lugo.

Décimo sexta.-Formalización do contrato.

Actuacións previas

Previo ao nomeamento ou formalización do contrato deberá solicitarse informe de existencia de crédito e de fiscalización previa á Intervención Municipal.

Sinatura do contrato

1. Obtida a conformidade do/a interesado/a chamado/a, o órgano competente procederá a ditar resolución na que se dispoña a formalización do contrato, con expresión do grupo profesional, tipo de contrato, porcentaxe de xornada e demais determinacións establecidas pola lexislación laboral. A sinatura do contrato realizarse no prazo máximo de cinco días dende a notificación da resolución

2. O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de quince días, de conformidade co artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, agás cando o traballador/a xa tivera desempeñado as mesmas funcións con anterioridade no Concello de Mugardos, baixo calquera modalidade de contratación. O período de proba non se verá interrompido polas situacións de incapacidade laboral temporal, maternidade e adopción ou acollemento, que poidan afectar ao traballador/a.

3. Así mesmo, no expediente tramitado deixarase expresa constancia das variacións producidas na bolsa de traballo.

Décimo sétima.-Vixencia da bolsa.

A bolsa de traballo resultante do proceso de selección regulado nestas bases estarán vixentes ata a posta en marcha dun novo proceso que as substitúa. Sen prexuízo do anterior, entenderase que esta bolsa perde a súa vixencia transcorridos catro anos dende a data da súa constitución.

Décimo oitava.-Recursos.

As presentes bases e a súa convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido nos artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra as presentes bases poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o órgano que aprobou as bases no prazo DUN MES, contado a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou ben interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de DOUS MESES, contados igualmente ao día seguinte ao da súa última publicación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo correspondente, todo elo de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. No caso de interposición do recurso de reposición, deberase esperar a que este se resolva e notifique, ou ben a que poida ser entendido como desestimado en virtude de silencio. Non obstante o anterior, os interesados poderán presentar calquera outro recurso que estimen procedente en defensa dos seus dereitos e intereses.

ANEXO I

SOLICITUDE DE ADMISIÓN ÁS PROBAS SELECTIVAS PARA Á CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO NA CATEGORÍA DE OFICIAL 2.ª PARA O GRUPO MUNICIPAL DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) DA ZONA DE EUME E FERROL, CON SEDE EN MUGARDOS**1. DATOS PERSOAIS.**

Primeiro apelido

Segundo apelido

Nome

NIF

Data de nacemento ____ / ____ / ____

Teléfono de contacto

Correo electrónico:

Nacionalidade Española

Estado membro Unión Europea (especificar):

Outro estado (especificar):

Enderezo postal:

Localidade

Provincia

Código postal

SOLICITA ser admitido/a ao proceso selectivo para a constitución dunha bolsa de emprego para a contratación laboral temporal de OFICIAL 2.ª PARA O GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL

2.-SOLICITUDE DE EXENCIÓN DE PROBA DE COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA (marque cun X se procede)

SOLICITA ser exonerado da realización de proba de coñecemento de lingua galega ao estar en posesión do título CELGA 3 ou superior

3.-MÉRITOS ALEGADOS.Méritos profesionais Sí NonCursos, seminarios, congresos, xornadas Sí NonTitulacións Sí Non**4. Opción para chamamento aos/as aspirantes (sinalar cun X).**

Chamamento telefónico aos números que se indican:

Fixo: _____

Móbil: _____

5. Declaración responsable.

Por medio do presente escrito declaro, baixo a miña responsabilidade, aceptar integramente o contido destas bases e reunir os requisitos e condicións esixibles previstos nas mesmas para poder tomar parte no proceso selectivo.

En _____, a ____ de _____ de 20__

FIRMA

ANEXO II PROGRAMA

Tema 1.–Protección civil. Funcións básicas e organización da protección civil en Galicia. Capítulos IV a VI do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia.

Tema 2.–Planificación en protección civil: Plans de emerxencia municipal.

Tema 3. –Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contra incendios

Tema 4.–Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.

Tema 5.–Accidentes de tráfico e excarceración.

Tema 6.–Mercadorías perigosas: clasificación, principais riscos, identificación, transporte e intervención en accidentes con mercadorías perigosas

Tema 7.–Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases, soporte vital básico e atención inicial nas emerxencias.

Tema 8.–Plans de autoprotección: contido mínimo dos plans de autoprotección (Decreto171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia)

Tema 9.–Toponimia do Concello Sede do G.E.S. Mugarbos e concellos de actuación do mesmo.”

Asinado dixitalmente polo concelleiro de Facenda, Persoal e Participación cidadá do Concello de Mugarbos (delegación efectuada pola Resolución da Alcaldía núm. 538/2021, do 24.05.2021), D. José Miguel Mahía Prados, en data 12 de abril de 2022.

2022/2003